

**Artigo 4º**

O disposto nos artigos anteriores non significará ningún tipo de limitación dos dereitos que a normativa reguladora da folga lle reconece ao persoal nesta situación, nin tampouco sobre a tramitación e efectos das peticións que a motiven.

**Artigo 5º**

Sen prexuízo do que establecen os artigos anteriores, deberanse observar as normas legais e regulamentarias vixentes en materia de garantías dos usuarios dos establecementos sanitarios.

*Disposición derradeira*

Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 2 de decembro de 2005.

María José Rubio Vidal  
Conseleira de Sanidade

**ANEXO**

Categoría/Servizo de Urxencia	Número efectivos de servizos mínimos		
	Mañá	Tarde	Noite
Facultativos especialistas de área en días laborables	6	5	4
Facultativos especialistas de área en fins de semana e festivos	8	7	4

**INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA**

*Resolución do 30 de novembro de 2005 pola que se lle dá publicidade ao acordo do Consello de Dirección do Instituto Galego de Promoción Económica (Igabe), que derroga parcialmente as bases reguladoras das axudas para os programas de apoio á continuidade e mellora competitiva da PEME galega e se incrementan os créditos dispoñibles.*

Mediante Resolución do 11 de marzo de 2005 (DOG nº 58, do 28 de marzo) publicouse unha actualización das bases reguladoras das axudas do Igabe para os programas de apoio á continuidade e mellora competitiva da PEME galega publicadas mediante Resolución do 13 de xullo de 2001 (DOG nº 142, do 23 de xullo), que incluía, entre outras modificacións, a presentación telemática das solicitudes de axuda por parte das Pemes.

Os cambios incluídos na nova regulamentación desta bases facilitaron o cumprimento dos obxectivos de participación das Pemes galegas e con iso a superación das previsións orzamentarias das que se dotou este programa de axudas para as solicitudes recibidas durante este ano 2005. Por outra banda, os resultados obtidos da xestión do programa neste

período e a análise dos proxectos recibidos proporcionáronlle ao instituto unha información que debe servir de base á formulación dun novo programa para o exercicio 2006.

Á vista destas circunstancias considérase oportuno derrogar parcialmente as citadas bases, mantendo abertas, entre outras, as iniciativas tendentes a facilitar a internacionalización das nosas Pemes, e ampliar as dotacións orzamentarias para atender as solicitudes de axuda recibidas ata a entrada en vigor desta presente resolución.

Por todo o anterior, e de conformidade coas facultades que teño conferidas,

**RESOLVO:**

Primeiro.-Publicar os seguintes acordos, adoptados polo Consello de Dirección do Instituto Galego de Promoción Económica (Igabe) na súa reunión do 29 de novembro de 2005:

Primeiro.-Incrementábase en 2.700.000 € os créditos establecidos na partida orzamentaria 02.02 11 para a anualidade 2006 publicados mediante Resolución do 4 de xaneiro de 2005, para atender as solicitudes de axuda á implantación de proxectos de mellora competitiva de carácter xeral regulados na base 3ª das reguladoras das axudas para os programas de apoio á continuidade e mellora competitiva da PEME galega.

Segundo.-Incrementábase en 4.850.000 € os créditos establecidos na partida orzamentaria 02.02 11/03/01 para a anualidade 2006 publicados mediante Resolución do 4 de xaneiro de 2005, para atender as solicitudes de axuda do Plan de Consolidación e Competitividade da PEME, regulado na base 6ª das reguladoras das axudas para os programas de apoio á continuidade e mellora competitiva da PEME galega.

Terceiro.-Con efectividade desde a publicación deste acordo no *Diario Oficial de Galicia*, derróganse as bases reguladoras das axudas para os programas de apoio e mellora competitiva da PEME galega, feitas públicas mediante Resolución do 11 de marzo de 2005 (DOG nº 58, do 28 de marzo), agás no seguinte:

a) Programa establecido no punto 3 da base 3ª: «Iniciativas tendentes a facilitar a internacionalización», que seguirá vixente en tanto non se esgote o crédito asignado, que se cuantifica en 300.000 € con cargo á partida 02.02-11/02/01-656700 dos orzamentos do Igabe na plurianualidade 2006.

b) Subprograma establecido no apartado 5.1.2 da base 6ª: «Redes interempresariais de cooperación», que así mesmo seguirá vixente en tanto non se esgote o crédito asignado, que se cuantifica en 150.000 € con cargo á partida 02.02-11/03/01-656700 dos orzamentos do Igabe na plurianualidade 2006.

c) Proxectos suprarrexionais que, dentro do Plan de consolidación e competitividade da PEME, sexan previamente aprobados pola Mesa de Directores

Xerais da PEME e asignados á xestión de Galicia, que se tramitarán de acordo coa base 6ª.

Segundo.-Esta resolución entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 30 de novembro de 2005.

José Antonio Delgado Arce

Director xeral do Instituto Galego de Promoción Económica

#### IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS

##### CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

*Orde do 22 de novembro de 2005 pola que se resolve a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, de dous postos de traballo vacantes nesta consellería.*

Convocada a provisión, polo sistema de libre designación, de dous postos de traballo vacantes na Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola Orde do 5 de outubro de 2005 (DOG nº 198, do 14 de outubro; corrección de erros DOG nº 205, do 25 de outubro), en uso das facultades e atribucións conferidas no artigo 15.4º da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, modificada pola Lei 3/1995, do 10 de abril, e de conformidade co disposto no artigo 27.2º da referida lei, esta consellería dispón resolver a citada convocatoria de acordo cos seguintes puntos:

Primeiro.-Adxudicarlles destino nos postos de traballo que se indica ás funcionarias que se relacionan no anexo desta orde.

Segundo.-O cesamento no destino actual das funcionarias que obtiveron praza producírase no prazo de tres días, contados a partir do seguinte ao da data de publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

O prazo para a toma de posesión do novo destino será de tres días a partir do seguinte ao do cesamento de tratarse da mesma localidade onde actualmente as funcionarias presten servizos, ou dun mes se radica en distinta localidade, de conformidade co establecido no artigo 14 do Decreto 93/1991, do 20 de marzo, e co disposto na base sétima da convocatoria.

Terceiro.-A xefatura do centro no que causen baixa as funcionarias, así como a daquel no que obteñan praza, consignará no título administrativo, dentro do prazo sinalado no punto anterior, as correspondentes dilixencias de cesamento e toma de posesión das que se dará traslado, mediante copia, á Dirección Xeral da Función Pública e á Dirección Xeral de Calidade e Avaliación das Políticas Públicas.

Cuarto.-Contra esta orde, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer potestativamente recurso de reposición ante este mesmo órgano no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, segundo a redacción dada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, ou poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo, ante o xulgado do contencioso-administrativo competente, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación.

Santiago de Compostela, 22 de novembro de 2005.

José Luis Méndez Romeu

Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

##### ANEXO

NRP: 35.444.828.68 A2086.

Grupo: A.

Apelidos e nome: Lado Eiriz, Ana María.

Posto de traballo: secretaria provincial.

Nivel: 28.

Código do posto: PR.C99.10.000.15001.061.

Centro directivo: Delegación Provincial.

Localidade: A Coruña.

NRP: 32.767.489.

Grupo: C.

Apelidos e nome: Álvarez García, María Isabel.

Posto de traballo: secretaria do/a delegado/a.

Nivel: 16.

Código do posto: PR.C99.10.000.15001.001.

Centro directivo: Delegación Provincial.

Localidade: A Coruña.

*Resolución do 23 de novembro de 2005, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se fai pública a actualización definitiva de méritos dos solicitantes incluídos nas listas correspondentes a diversos grupos e categorías da Administración da Xunta de Galicia e as listas mensuais correspondentes ao período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 15 de xullo de 2005, de conformidade co Decreto 217/2003, do 11 de abril, polo que se regula o nomeamento de persoal interino para o desempeño con carácter transitorio de prazas reservadas a funcionarios e a contratación temporal de persoal laboral da Xunta de Galicia.*

Rematado o prazo fixado pola resolución da Dirección Xeral da Función Pública do 17 de agosto de 2005 (DOG nº 163, do 25 de agosto), pola que se fai pública a actualización provisional de méritos dos solicitantes incluídos nas listas correspondentes a diversos grupos e categorías da Administración da Xunta de Galicia e as solicitudes de inclusión do período comprendido entre o 1 de xaneiro e o